



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Dirección Xeral de Educación, Formación
Profesional e Innovación Educativa

Educación secundaria
para persoas adultas



Ámbito social

Educación a distancia semipresencial

Módulo 3

Unidade didáctica 3

**Planificación económica-financeira. Os
orxamentos**

Índice

1.	Introdución.....	3
1.1	Descrición da unidade didáctica.....	3
1.2	Coñecementos previos.....	3
1.3	Suxestións para a motivación e o estudo.....	4
1.4	Orientacións para a programación temporal	4
2.	Secuencia de contidos e actividades	5
2.1	Ingresos e gastos. Identificación e control	5
2.2	Que é e como se elabora un orzamento?	6
2.2.1	Regras básicas para controlar os ingresos e os gastos.....	7
2.2.2	Estrutura dun orzamento.....	7
2.2.3	Pasos para elaborar un orzamento	7
2.3	Necesidades económicas nas etapas da vida	14
2.4	Aforro e endebedamento. Os plans de pensións	18
2.4.1	O aforro	18
2.4.2	Aforrar ou endebedarse?	20
2.4.3	Os plans de pensións.....	20
2.5	Risco e diversificación	22
2.5.1	Risco financeiro.....	22
2.5.2	Diversificación	23
3.	Resumo de contidos	26
4.	Actividades complementarias.....	31
5.	Exercicios de autoavaliación	33
6.	Solucionario.....	37
6.1	Solucións das actividades propostas	37
6.2	Solucións das actividades complementarias.....	44
6.3	Solucións dos exercicios de autoavaliación	46
7.	Glosario.....	49
8.	Bibliografía e recursos	50
9.	Anexo. Licenza de recursos	51

1. Introducción

1.1 Descrición da unidade didáctica

Ao longo da nosa vida teremos que tomar algunhas decisións que supoñan empregar unha cantidade de cartos importante, como estudar un máster ou mercar un coche. Para isto, teremos que aforrar, e unha ferramenta de grande utilidade para conseguilo é o orzamento, que nos permitirá planificar os nosos ingresos e gastos, axudándonos a controlar a nosa capacidade de aforro.

Saber calcular e controlar os nosos ingresos e gastos é útil de cara ás nosas decisións económicas máis importantes, pero tamén no noso día a día, xa que nos axuda a saber se chegaremos a fin de mes co noso soldo ou se imos necesitar un plan de pensións privado para manter o noso nivel de vida tras a xubilación.

1.2 Coñecementos previos

Antes de comezar a explicar e estudar os contidos desta unidade didáctica, fánzanse unhas actividades de detección de coñecementos previos. Estas actividades serán sinxelas e doadas de entender baseadas no acontecer diario do alumnado, xa que diariamente teñen que tomar decisións económicas.

Serán as que se enumeran a continuación:

- Breve formulario con preguntas que terán que responder de forma individual cun posterior debate para chegar a conclusións sobre os contidos básicos da unidade (ingresos, gastos ou aforro)
- O test da lamberetada. Busca en Internet en grupo do test da lamberetada chamado "A proba do marshmallow". Comentario facendo fincapé no que se refire á seguinte cuestión:

Cre que a forza de vontade e a capacidade de planificar o noso futuro poden educarse ou son tan só cuestión de xenes?

1.3 Suxestións para a motivación e o estudo

Para motivar e involucrar o alumnado na importancia dos contidos que se van estudar, traballarase con datos e supostos reais, aos que fan fronte no seu día a día, tales coma gastos innecesarios, ingresos semanais ou mensuais dos que dispoñan, a necesidade de non gastar de máis, entre outros.

O alumnado participará activamente na aula, amosando as súas opinións e contrastándoas coas do resto dos compañeiros.

Empregaranse as novas tecnoloxías para a procura de información e confección de gráficos.

1.4 Orientacións para a programación temporal

Proponse como programación temporal de contidos para o estudo desta unidade tres semanas, nas cales se irán intercalando a explicación teórica de contidos e o desenvolvemento de actividades correspondentes a cada punto. A programación temporal de contidos vai dirixida aos grupos presenciais. Nos grupos semipresenciais haberá que distribuíla en función das sesións.

- Primeira semana: O orzamento. Partes e elaboración. Actividades.
- Segunda semana e terceira semana: Necesidades económicas ao longo das etapas da vida. Actividades. Aforro e endebedamento. Actividades. Repaso e dúbidas.

2. Secuencia de contidos e actividades

2.1 Ingresos e gastos. Identificación e control

Ingresos persoais. Tipos

Os ingresos persoais son a cantidade de diñeiro que percibe unha familia cada ano. Poden orixinarse con certa continuidade no tempo (renda mensual) ou ben de forma puntual (lotaría). Os tipos de ingresos son os seguintes:

- **RENDAS:** son os ingresos persoais máis importantes. Clasifícanse en:
 - **Rendas do traballo e de actividades económicas:** ingresos periódicos obtidos por desenvolver un traballo por conta allea ou por conta propia (soldos e salarios). Fonte principal e básica do conxunto de ingresos.
 - **Rendas do capital mobiliario:** ingresos periódicos xerados por contas bancarias, accións, fondos de investimento...
 - **Rendas do capital inmobiliario:** ingresos provenientes de bens inmoables (pisos, casas, locais...). Xeralmente proceden dos alugueiros.
- **INGRESOS PUNTUAIS:** derivados da venda de patrimonio, herdanzas ou operacións vinculadas ao azar.

Gastos persoais. Tipos

Os gastos persoais son a cantidade de diñeiro á que debe facer fronte unha familia para satisfacer as súas necesidades. Os tipos de gastos son os seguintes:

- **GASTOS FIXOS OBRIGATORIOS:** non se poden deixar de pagar ou variar o seu importe:
 - Hipoteca
 - Alugueiro da vivenda
 - Préstamos bancarios
- **GASTOS VARIABLES NECESARIOS:** os que se poden reducir, pero non eliminar:
 - Comida
 - Recibos
 - Roupas

- **GASTOS INNECESARIOS:** os que se poden eliminar:

- Cine
- Viaxes
- Comidas fóra da casa
- Actividades de ocio

Como controlamos os gastos? A través dun orzamento.

2.2 Que é e como se elabora un orzamento?

O **orzamento** é un plan financeiro personalizado que nos axuda a controlar os gastos e sacar o máximo partido aos ingresos. É a ferramenta máis importante á hora de controlar as finanzas persoais.

En moitas ocasións cavilamos:

- No diñeiro, que nos chega a quitar o sono, xa que non basta con ter suficientes ingresos, senón como xestionar os gastos.
 - Controle os seus gastos
 - Aforre mes a mes
- Como facer para controlar as finanzas persoais?
 - Coñecer a situación financeira persoal
 - Elaborar un orzamento
- Nos obxectivos financeiros, se poderemos acadalos. Con carácter xeral, non se pode ter todo.
 - Control de gastos para chegar a final de mes sen problemas
 - Aforrar máis para evitar apuros ante imprevistos
 - Reducir ou eliminar débedas
 - Preparar a xubilación
 - Protexer a familia

Os obxectivos financeiros podemos clasificalos en xerais e en concretos:

OBXECTIVOS XERAIS	OBXECTIVOS CONCRETOS
▪ Desexo facer unha viaxe no verán	▪ Teño que aforrar 4.000 € para irme todo o verán a Almería
▪ Quero cambiar o coche a finais de ano	▪ Quero aforrar 10.000 € antes de decembro para dar a entrada para un coche
▪ Desexo que o meu fillo estude no estranxeiro o bacharelato	▪ Teño que aforrar antes de que o meu fillo cumpra 17 anos o próximo curso

2.2.1 Regras básicas para controlar os ingresos e os gastos




- Mesma temporalidade para ingresos e gastos.
- Os gastos necesarios deben ser satisfeitos con ingresos periódicos (rendas do traballo).
- Non realizar gastos innecesarios, se non se cobren os necesarios.
- Se se fan compras a prazos, hai que ter en conta que temos que pagar xuros.
- É moi recomendable non gastar máis do que se ingresa regularmente e sempre destinar unha parte dos ingresos ao AFORRO.

2.2.2 Estrutura dun orzamento

	INGRESOS	  	GASTOS
▪ Ingresos profesionais ▪ Pensións ▪ Ingresos financeiros ▪ Outros ingresos	▪ Gastos fixos obrigatorios ▪ Gastos variables necesarios ▪ Gastos innecesarios ou prescindibles		
TOTAL INGRESOS	TOTAL GASTOS		

2.2.3 Pasos para elaborar un orzamento

Os pasos para elaborar un orzamento son os seguintes:



Identificar gastos e ingresos

Os ingresos e gastos máis habituais son os seguintes:

- **Ingresos:** todo aquilo que supón entradas de diñeiro:
 - Rendas do traballo (soldos ou salarios)
 - Pensión de xubilación (soldos ou salarios de xubilación)
 - Subsidio de desemprego (soldos ou salarios en situación de desemprego)
 - Subvencións
 - Xuros de contas bancarias (depósitos a prazo fixo)
 - Rendas inmobiliarias (alugueiro)
 - Traballos extra
 - Calquera outro que supoña entrada de diñeiro
- **Gastos:** todo aquilo que supón saídas de diñeiro.
 - Vivenda (alugueiro ou hipoteca)
 - Compras (alimentos, roupa...)
 - Servizos (teléfono, luz, auga...)
 - Viaxes
 - Pagamentos aprazados
 - Regalos
 - Calquera outro que supoña saída de diñeiro

Cando hai que aforrar, o normal é eliminar os gastos innecesarios; para iso teremos que:

- Diminuír o gasto en ocio
- Diminuír o gasto en produtos de consumo innecesarios
- Comparar prezos e buscar ofertas
- Evitar mercar por impulso (consumismo)
- Diminuír os gastos no fogar: uso de electrodomésticos eficientes e ecolóxicos...

Priorizar gastos

Os ingresos non adoitan depender de nós, pola contra, os gastos si, é dicir, podemos modificar o seu volume. Algúns gastos son fixos, outros son variables (pódense variar) e os restantes son innecesarios.

Á hora de priorizar os gastos, debemos saber a que tipo de gasto nos enfrontamos:

- **Gastos fixos obrigatorios.** Aqueles dos que non podemos prescindir nin eliminar. Hai que realizar o seu pagamento necesariamente: vivenda, préstamos bancarios... No caso de non poder realizar o seu pagamento, haberá que negociar cos acredores para que nos apracen a débeda. O exceso de endebedamento e os xuros fan que os gastos fixos obrigatorios sexan cada vez maiores, situación que obriga a deixar de atender os demais gastos.
- **Gastos variables necesarios.** Aqueles que non se poden eliminar, pero si se poden variar: electricidade, comida, transporte...
- **Gastos innecesarios.** Aqueles que podemos eliminar, porque non son necesarios, polo tanto podemos prescindir deles: subscricións de revistas ou xornais, clases de baile, tabaco, ximnasio, Internet...

Por exemplo, un almorzo completo todos os días fóra da casa pode chegar a custar uns 3,50 €. Este gasto é innecesario, porque podemos almorzar na casa. Se metemos os 3,50 € de cada día nunha conta que nos vai xerar uns xuros ao final de ano, ao cabo dun tempo supón un importante aforro.

Formular e aforrar

Coa listaxe de ingresos e gastos identificados e clasificados xa é posible formular un orzamento. A meta xeral de calquera orzamento é que os ingresos cubran todos os gastos. As persoas necesitamos obter uns ingresos a finais de mes que irán destinados a diferentes usos: vivenda, escola, alimentos, subministracións... Todos son pagamentos necesarios. Debemos incluír o aforro dentro do orzamento como un gasto fixo obrigatorio, é dicir, cada mes destinar unha porcentaxe dos nosos ingresos a esta partida.

Un bo orzamento debe incluír o **aforro** como parte fundamental, na medida en que nos proporcionará un fondo para imprevistos ou facer plans de futuro.

Avaliar e axustar

Para que un orzamento sexa efectivo, hai que revisalo cada certo tempo para que se axuste á realidade con obxectivos acadables. Hai que controlar e axustar os gastos para non excederse do orzado. É moi importante considerar que, se aumenta o noso soldo ou salario, non debemos aumentar os gastos na mesma proporción.

As ferramentas matemáticas que nos axudan a mellorar o noso próximo orzamento son as seguintes:

- **As variacións absolutas:** cuantifican o diñeiro que aforramos ou que gastamos de máis.
- **As variacións porcentuais:** miden os cambios entre o orzado e o real en porcentaxe.

NOME	DESCRICIÓN	FÓRMULA
Variacións absolutas	Son as diferenzas de valor dunha serie	Var. abs. $x_{01} - x_{02} = X_{02} - X_{01}$
Variacións porcentuais	Miden en termos porcentuais a variación dun indicador con respecto a un período anterior	Var. porc. $x_{01} - x_{02} = X_{02} - X_{01} / X_{01} \cdot 100$
Variacións absolutas e porcentuais		

Polo tanto:

- Cales son as razóns para elaborar un orzamento?
 - Xestionar mellor o diñeiro
 - Ver como aumentan os seus aforros
 - Mellorar a súa calidade de vida
- Consellos que se han de seguir para chegar a fin de mes sen pasar apuros:
 - Coñecer ben todos os gastos mensuais
 - Priorizar gastos e eliminar aqueles que sexan innecesarios
 - Reducir aqueles gastos variables
 - Eliminar, na maneira do posible, débedas polas que se pagan xuros altos
 - Destinar todos os meses unha cantidade ao aforro

Actividade resolta

María traballa de recepcionista nun hotel por 980 € ao mes. Os seus gastos orzados en euros para o mes de febreiro son os seguintes: alugueiro vivenda (440), luz (43), libros de lectura (60), cine (14), compra (200), outros gastos prescindibles (20), préstamo (120), consumo de móbil (20). María aforra cada mes 20 € que deposita nunha conta bancaria que lle rende 10 € ao mes. Unha vez cumprido o orzamento en febreiro, María tivo ocasión de reaxustalo despois de comprobar que a compra e as facturas do móbil se lle foran ata os 220 € e 40 € respectivamente, aínda que conseguiu rebaixar a 12 € os outros gastos prescindibles cando en principio orzara 20 €.

- Identifique ingresos e gastos. Priorice os gastos de acordo co seu grao de prescindibilidade.

- Formule o orzamento de María para febreiro tendo en conta o aforro de 20 €.
- Calcule as variacións absolutas e porcentuais para aqueles gastos que variaron sobre o orzado.
- Represente nun diagrama de pastel os gastos orzados e os reais.

ORZAMENTO DE MARÍA PARA FEBREIRO			
Ingresos		Gastos	
Soldo	980 €	Gastos fixos obrigatorios	560 €
Xuros bancarios	10 €	▪ Alugueiro da vivenda	440 €
		▪ Préstamo	120 €
		Gastos variables necesarios	323 €
		▪ Compra	200 €
		▪ Factura da luz	43 €
		▪ Consumo do móbil	20 €
		▪ Libros de lectura	60 €
		Gastos prescindibles	34 €
		▪ Cine	14 €
		▪ Outros	20 €
		Aforro	20 €
		▪ Contas bancarias	20 €
Total Ingresos	990 €	Total Gastos	937 €


Variación absoluta da compra: $220 - 200 = 20 \text{ €}$

Variación absoluta do consumo do móbil: $40 - 20 = 20 \text{ €}$

Ambos os gastos se incrementaron 20 € sobre o orzado, pero non é o mesmo. O gasto real do consumo do móbil (40 €) é o dobre do orzado, pero nin moito menos é así coa diferenza entre o gasto orzado e real da cesta da compra. Para que as variacións sexan relativas utilízanse as variacións porcentuais:

Variación porcentual da compra $01 - 02 = 220 - 200 / 200 \cdot 100 = 10 \%$

Variación porcentual do consumo de móbil $01 - 02 = 40 - 20 / 20 \cdot 100 = 100 \%$



Actividades propostas

- S1.** Conforme ao seu criterio, clasifique de maior a menor importancia a listaxe de motivos para aforrar. Xustifique a súa resposta.
- S2.** Reflexione e faga unha listaxe por escrito de todos os obxectivos financeiros que se lle ocorran para o seu caso particular.


- S3.** Cal dos catro pasos para elaborar un orzamento lle parece máis importante? Xustifique a súa resposta.

- S4.** Cite tres contextos ou situacións ao longo da súa vida para os cales adoita ser necesario ter diñeiro e, en consecuencia, planificarse a través dun orzamento para aforrar.

- S5.** Elabore un orzamento persoal para o mes de abril, tendo en conta os datos seguintes:

- Paga mensual (200 €)
- Consumo do móbil (25 €)
- Libros (18 €)
- Roupas (55 €)
- Carburante da moto (45 €)
- Diversión e ocio (55 €)
 - Sobra algo para aforrar?
 - Identifique ingresos e gastos. Priorice os gastos
 - Supoñendo que ten que gastar en libros 25 €, reaxuste o seu orzamento. A que gasto renunciaría para poder mercar os libros, mantendo o aforro?
 - Calcule as variacións absolutas e porcentuais para aqueles gastos que variaron sobre o orzado e represente nun diagrama de pastel os gastos orzados e os reais.

- S6. Xiana ten 18 anos. Comezou este ano un Ciclo Superior e traballa as fins de semana coidando nenos, percibindo 250 € mensuais. Ten que custear os seus estudos, pagando mensualmente un bono de transporte por importe de 50 €. Ela aforra cada mes 30 €, para posibles imprevistos que lle poidan xurdir algún mes, como mercar material para a clase. Tamén gasta mensualmente 40 € no teléfono móbil e conexión a Internet. Gústalle moito o calzado, e todos os meses merca un par de zapatos. Este mes mercou unhas zapatillas de deporte por 45 €. A finais de mes é o aniversario da súa nai e mercoulle un bolso que lle custou 50 € e tivo outros gastos por importe de 35 €. Ela ten que reaxustar o seu orzamento, xa que subiu o bono de transporte a 65 € mensuais, ofrecéndolle máis servizos. Compare e analice os gráficos seguintes referentes aos gastos orzados e reais que tivo Xiana e xustifique a súa resposta.



- S7. Identifique os seguintes ingresos, clasificándoos:

▪ Salario mensual percibido por traballar como panadeiro nun forno industrial:	
▪ Diñeiro aboado por un banco en concepto de xuros da conta de aforro:	
▪ Diñeiro obtido pola venda dun piso en Ourense:	
▪ Cantidad de diñeiro obtida tras gañar a lotaría:	

- S8. En relación co orzamento e os seus elementos, responda estas preguntas:

- Que diferencia os gastos fixos obrigatorios dos variables necesarios?
- Por que debemos priorizar o pagamento dos gastos fixos obrigatorios?
- Por que no orzamento se priorizan os gastos de acordo co seu grao de prescindibilidade?
- Por que certas débedas, como por exemplo as bancarias, aumentan cando non facemos o seu pagamento?
- Á hora de axustar o próximo orzamento, que tipo de ferramenta matemática é máis útil? Por que?

- S9.** Segundo o caso, calcule o prazo en meses que cómpre para lograr o obxectivo desexado ou o aforro necesario en función do prazo:

OBXECTIVO		PAZO EN MESES	AFORRO NECESARIO
Moto	1 200 €	48	-
Videoconsola	400 €	20	-
iPhone	600 €	12	-
Verán	200 €	-	40 €
Peto (aforro)	360 €	-	30 €

- S10.** Estes son os gastos orzados e reais en que incorreu Marta nos meses de xaneiro (gastos orzados) e febreiro (gastos reais):

	ORZADO	REAL
Consumo móbil	30 €	40 €
Quedada con amigos	50 €	30 €

- Calcule as variacións absolutas.
- Calcule as variacións porcentuais.
- Comente os resultados.

2.3 Necesidades económicas nas etapas da vida

Ao longo da nosa vida atravesamos diferentes momentos para estudar, traballar, independizarnos, formar unha familia e xubilarnos, nos cales van xurdindo novas necesidades económicas que debemos tratar de satisfacer cos recursos de que dispoñemos. É moi importante axustarse sempre ao orzamento e non gastar de máis.

A educación financeira dos fillos

Afacer os nenos a ser conscientes das súas pequenas decisións económicas é a mellor forma de axudarlles a adquirir bos hábitos financeiros. Eles han de saber xestionar o diñeiro que teñen e os gastos que precisan afrontar. De gran importancia é o fomento dos hábitos de aforro. Os nenos han de familiarizarse coa procedencia do diñeiro, tendo unha relación directa con el, para conseguir na medida do posible que sexan consumidores responsables en todas as etapas da súa vida.

A educación financeira dos fillos



Empezando a traballar

Co primeiro traballo ábreanse novas perspectivas de independencia económica, pero tamén xorden novas necesidades e responsabilidades. O orzamento persoal é unha boa ferramenta para tomar o control da situación financeira.

Cando un é novo, comeza unha vida nova e conta con ingresos propios, as súas posibilidades son ilimitadas e as oportunidades para gastar, tamén. Xurdirán novas necesidades e outras moitas tentacións: un coche, un piso, mobles, unha viaxe..., que poderemos satisfacer sempre e cando se controlen eses gastos e se axuste o estilo de vida ao orzamento.




Mercando un coche

Para moitos, a compra dun vehículo representa o gasto máis importante da súa vida, despois da vivenda.

Antes de empezar a probar coches, cada un necesita saber o orzamento do que dispón. Hai que calcular canto hai que dar de entrada, canto temos que pedir prestado e canto temos que devolver mensualmente, no caso de ter que pedir o diñeiro prestado a unha entidade financeira.

A propiedade dun vehículo con motor implica outras responsabilidades que fan necesaria a contratación dun seguro, o que supón outro gasto que debemos considerar.




Mercando unha vivenda

A compra dunha vivenda é unha das decisións financeiras máis importantes ao longo da nosa vida, xa que ten un efecto moi significativo sobre a nosa economía.

A opción máis empregada para acceder á vivenda é o préstamo hipotecario, que supón un gasto mensual considerable, pagando todos os meses unha cota. É necesario determinar se o importe encaixa coa capacidade de endebedamento.

Hai que ter en conta os seguros que se deben contratar cando se merca unha vivenda, como un seguro de incendios e outros.

En ocasións, é posible acceder a axudas públicas que tratan de facilitar a compra da vivenda.



Empezando unha familia

Ter un fillo é un reto en moitos aspectos, incluído o económico. Para manexalo mellor convén facer previsións sobre os novos gastos.

O orzamento segue sendo unha ferramenta indispensable para organizar a economía de acordo coas novas circunstancias.

Pensou en aforrar para a educación do seu fillo? Valore as opcións dispoñibles para ofrecer ao seu fillo as oportunidades que desexa, aínda no caso de que sucedese algún contratempo.



Planificando a xubilación

Os anos da xubilación poden ser a etapa máis longa da súa vida. O obxectivo habitual é manter o mesmo estilo de vida ao alcanzar a xubilación. É importante facer unha estimación das súas necesidades económicas e atopar a maneira de satisfacelas.

Que pensión pública por xubilación vai ter?

A diferenza entre o que estima que necesitará ao mes, despois de xubilarse, e o importe que vai percibir en concepto de pensións será a cantidade que terá que poñer da súa parte mediante o aforro persoal.

Cada vez é posible vivir máis anos. Hai que contar con esa perspectiva á hora de calcular o fondo que necesita acumular.

Existe unha ampla gama de produtos específicos que permiten ir construíndo un fondo para a xubilación: plans de pensións, plans de investimento...

<i>Planificando a xubilación</i>	
---	--

Se se atopa no paro

A perda do emprego pode ser un acontecemento verdadeiramente traumático, tanto no plano económico coma no persoal, que leva asociada unha "perda de control" en moitas ocasións. A actitude é importante para superar, con éxito e canto antes, estas situacións transitorias de desemprego.

<i>Se se atopa no paro</i>	
-----------------------------------	--

Actividades propostas

- S11.** Se se atopa nalgunha das situacións anteriores, explique a importancia do aforro.
- S12.** Complete os ocos coas palabras que aparecen no caixón pertencentes ás necesidades económicas ao longo da vida, tendo en conta que algunha delas sobra.

desemprego, responsabilidades, préstamo hipotecario, necesidades, seguro, financeira, pensión, préstamo persoal, seguro do fogar - Co primeiro traballo, ábreanse novas perspectivas de independencia _____, pero tamén xorden novas necesidades e _____. - Cando está na situación de _____, ten dereito a percibir unha prestación. - Cando unha persoa se xubila, ten dereito a percibir unha retribución en forma de _____, sempre e cando teña dereito a ela. - Se tomamos a decisión de mercar unha vivenda, a opción máis empregada é o _____. - A propiedade dun vehículo con motor implica outras responsabilidades que fan necesaria a contratación dun _____, o que supón outro gasto para considerar.
--

2.4 Aforro e endebedamento. Os plans de pensións


2.4.1 O aforro

O **aforro** é a reserva ou previsión dunha parte dos ingresos que se obteñen diariamente. É o consumo futuro que realizaremos grazas ao ingreso presente.

Reservar unha parte dos ingresos é moi importante, dado que no futuro poderemos dispor dese diñeiro para algunha emerxencia ou imprevisto que xurda, ou ben para dedicalo a outros usos, como facer unha viaxe, mercar unha vivenda ou mobiliario, un vehículo ou os estudos dos nosos fillos.

O contrario do aforro é a débeda. A **débeda** é o consumo presente grazas ao ingreso futuro.

O concepto de débeda equivale a contas para pagar. A débeda pode producirse cando unha persoa pide un préstamo a un banco e queda obrigado a devolver esa cantía máis uns xuros, ou ben cando merca produtos con pagamento aprazado. Por exemplo, Xan merca un ordenador e fai un pagamento inicial do 60 % do importe. O importe restante vaino pagar en seis mensualidades. Polo tanto, Xan está contraendo unha débeda.



Motivos para aforrar

O diñeiro aforrado é sinónimo de tranquilidade na medida que permite dispoñer del para:

- **Atender emerxencias ou imprevistos**, tales como enfermidades, accidentes, avarías ou reparacións no fogar.
- **Facer plans futuros**. Trátase de obxectivos concretos, tales como mercar un coche, viaxar ou custear os estudos dos fillos.
- **Non ter débedas**. Sen aforro é posible que teñamos que pedir prestado para saír dunha situación imprevista.

- **Evitar malvender investimentos**, xa que pode ser necesario vender propiedades ou outros bens por debaixo do valor desexado.
- **Anticiparse a situacións laborais indesexadas**. A perda de traballo poderíamola incluír na categoría de imprevistos, pero merece unha especial atención porque o traballo é con moita frecuencia a fonte de ingresos máis importante para as persoas, cando non a única. Todo iso sen contar co contexto laboral, sobre todo en tempos de crise. Calquera traballador debería anticiparse á posible perda do seu posto de traballo.

Canto hai que aforrar?

Todos podemos aforrar, pero non todos necesitamos aforrar o mesmo. As circunstancias persoais e económicas condicionan a cantidade que aforraremos. Nese sentido, as consideracións máis relevantes adoitan virar ao redor de:

- **A estabilidade dos ingresos**. A estabilidade laboral adoita ser un factor de primeira orde e nese sentido o ideal é ser funcionario; pero non todos podemos acceder á función pública, que, ademais, está lonxe de ser o emprego mellor remunerado.
- **A riqueza patrimonial**. En xeral, quen ten máis propiedades sofre menos preocupacións, pero ter moitos bens non significa ter a vida resolta. Se os bens non xeran renda suficiente para o seu propietario en forma de alugamentos ou dividendos, certas situacións poden levar a vendelos por debaixo do valor de mercado ou, en todo caso, do valor desexado.
- **A saúde**. Quen non goza de boa saúde pode necesitar máis diñeiro para pagar a asistencia sanitaria e os gastos farmacéuticos que non cubra o sistema público de saúde.

Actividade resolta

Dados os obxectivos marcados nas columnas da esquerda, determine a cantidade que necesita aforrar mensualmente, así coma o prazo necesario.

Obxectivo (€)		Prazo (en meses)	Aforro necesario (ao mes)
Entrada para un coche	2.400 €	12	200 €
Entrada para unha vivenda	12.000 €	30	400 €
Emerxencias	2.700 €	18	150 €

2.4.2 Aforrar ou endebedarse?


Á hora de elaborar o orzamento, atendendo á cuantía dos ingresos con respecto aos gastos, pódese chegar a dúas situacións: aforrar ou endebedarse. Cal é preferible?

AFORRAR	ENDEBEDARSE
	
■ Garantía da satisfacción de necesidades futuras. ■ Maior poder adquisitivo mañá que hoxe. ■ Sacrificio consumo actual, non satisfago necesidades presentes.	■ Satisfago necesidades presentes que non podería satisfacer cos recursos actuais. ■ Maior custo debido ao pago de xuros ■ Sacrificio consumo futuro, non satisfago necesidades futuras. ■ Con incerteza (traballo non estable), risco de falta de pagamento.

2.4.3 Os plans de pensións

Como vimos nos puntos anteriores, sempre é recomendable destinar unha parte dos ingresos ao aforro. Contar con iso, facilitará asumir imprevistos e ir construíndo un fondo co que afrontar diversas situacións.

O plan de aforro por excelencia é o *plan de pensións*. Un **plan de pensións** é un instrumento de aforro para a xubilación ou outras situacións, como dependencia, incapacidade laboral ou falecemento, no que un investidor vai facendo contribucións periódicas que se constitúen mediante achegas flexibles. Isto permitirá dispor dun capital ou ben dunha renda no momento da xubilación ou das situacións citadas anteriormente.



Razóns polas que contratar un plan de pensións

Son moitas as razóns polas que contratar un plan de pensións. Antes de tomarmos a decisión de contratalo, debemos formularnos unha serie de preguntas:

- Cando é o momento de contratar un plan de pensións?
 - Non hai un momento definido para contratar un plan de pensións. Hai que ter en conta, que canto antes empece a aforrar nun plan de pensións, o beneficio será maior. Polo tanto, o momento é cando cada persoa tome a decisión de facelo e cando as circunstancias laborais e persoais llo permitan.
- Podemos dispor do diñeiro achegado cando o precisemos?
 - O capital investido nun plan de pensións poderase rescatar unha vez transcorridos dez anos dende que se fixo a primeira achega, xunto cos rendementos obtidos.
- É mellor facer as achegas mensualmente ou anualmente?
 - É mellor facer achegas mensuais, xa que supón vantaxes con respecto ás anuais. Entre elas, a posibilidade de contribuír con pequenas cantidades cada mes no lugar dun gran desembolso a finais do ano.
- Como inflúe un plan de pensión á hora de facer a declaración da renda?
 - Os plans de pensións son unha boa ferramenta para pagar menos impostos. Todas as achegas feitas a un plan, deben ser incluídas na declaración da renda.
- Optaremos por un plan de renda fixa ou renda variable?
 - Plan de renda fixa: no caso de persoas maiores, cando restan poucos anos para a xubilación.
 - Plan de renda variable: no caso de persoas novas, cun horizonte temporal amplo ata a xubilación.
- Cales son os plans de pensións máis rendibles?
 - Depende, sobre todo, do prazo temporal que se escolla. A mellor opción é escoller períodos amplos.
- Con quen contrato un plan de pensións?
 - Ben cunha entidade financeira, ben cunha sociedade xestora. É importante coñecer as condicións que nos ofrece cada unha delas.

Elementos persoais dun plan de pensións

As persoas que interveñen nun plan de pensións son as seguintes:

	PROMOTOR	PARTÍCIPIES	BENEFICIARIO
	Persoa que constitúe o plan. Quen ofrece o plan aos interesados e quen participa no seu desenvolvemento.	Persoa física que realiza as achegas e en cuxo interese se crea o plan. As persoas que o contratan.	Persoa física con dereito a percibir as prestacións unha vez que vence o prazo. No caso de xubilación, incapacidade ou dependencia, o beneficiario adoita ser o partícipe. No caso de falecemento, serán as persoas que o partícipe designou para percibir o capital.
Persoas intervinientes nun plan de pensións			

2.5 Risco e diversificación

Nas anteriores epígrafes estudamos a importancia do aforro, debido aos posibles imprevistos que poidan xurdir no futuro e para poder afrontar a xubilación. Cando tomamos a decisión de aforrar, hai que facelo de forma que ese aforro xere unha rendibilidade e non perda valor.

2.5.1 Risco financeiro

O risco financeiro é o risco asociado a calquera tipo de financiamento.

Se un aforrador desexa facer medrar os seus aforros, deberá adquirir un produto financeiro con eles. Desta forma, o aforrador espera, pasado un tempo, recoller os seus aforros máis unha rendibilidade ou xuros.

Que debería facer unha persoa que conte con aforros?

É recomendable que os "protexa" e invista nalgún produto financeiro de acordo ao seu perfil persoal.

Diminución do risco financeiro

Eliminar o risco financeiro non é posible, o que si se pode é diminuír o seu impacto a través da **diversificación**.

2.5.2 Diversificación

A diversificación é a mellor forma de reducir o risco de investimento.

Diversificar significa distribuír un capital en diversos activos financeiros co obxectivo de diminuír o risco, é dicir, "non meter todos os ovos na mesma cesta".



Alexandra ten 13.000 € para investir e utilízalos todos para mercar accións dunha soa empresa. Se baixa a cotización desa empresa ou se a empresa quebra, todo o seu investimento rexistraría unha perda. É dicir, a rendibilidade do seu diñeiro dependerá dos resultados dunha soa empresa. Con todo, se ela divide os 13.000 € entre varios instrumentos, a súa rendibilidade dependerá do promedio da rendibilidade de todos. As ganancias duns poden compensar as perdas doutros.

O normal e máis rendible é ter varios obxectivos financeiros, con diferentes horizontes de tempo. Necesitarás entón máis dun produto de investimento para alcanzalos. O conxunto de instrumentos financeiros que un investidor mantén nun momento determinado (accións, bonos, fondos de investimento, plans de pensións...) constitúen unha carteira de valores.

Para reducir o risco asumido e lograr o conxunto dos seus obxectivos, é recomendable diversificar:

- **Con diferentes categorías de activos.** Mantendo unha combinación de renda variable (accións, bonos...), renda fixa (obrigacións, notas promisorias, depósitos de aforro a prazo, contas bancarias...) e activos do mercado monetario (depósitos bancarios, notas promisorias de empresas, Letras do Tesouro), nunhas proporcións que dependan do seu perfil de investidor (idade etc.)
- **Con diferentes títulos.** Combinando títulos con diferentes niveis de risco, rendibilidade e liquidez: accións de distintas empresas, bonos, obrigacións de diferentes emisores e con distintos vencementos, diferentes tipos de fondos de investimento...

- **Diversificación de sectores.** Uns sectores de actividade teñen máis éxito ca outros, dependendo sempre da situación económica, que é cíclica. Manter títulos de empresas de diferentes sectores evita que a posible crise dun sector afecte a toda a carteira.



Conellos para investir !!!!!

- Coñecer ben os obxectivos financeiros.
- Procurar consellos de profesionais antes de tomar a decisión de investir.
- Investir soamente os excedentes entre ingresos e gastos.
- Investir a longo prazo.
- Diversificar.
- Carteira de investimentos variados e con diferentes horizontes temporais.
- Comparar tarifas e comisións das diferentes entidades.
- Evitar realizar un exceso de operacións.
- Comezar a investir antes ca despois.
- Evitar mercar caro cando os mercados están en auge e vender barato nos momentos de recesión.
- Non confiar en descoñecidos que nos ofrecen condicións moi boas.



Actividades propostas

S13. Antonio contratou un plan de pensións privado co Banco Mediterráneo para que se beneficie a súa esposa Clara no caso de que el faleza. Identifique o promotor, o partícipe e o beneficiario.

S14. Una os conceptos da columna da esquerda coas definicións da columna da dereita.

Débeda	Persoa que constitúe o plan de pensións
Diversificación	Consumo presente grazas ao ingreso futuro
Partícipe dun plan de pensións	Persoa física con dereito a percibir as prestación dun plan de pensións, fose ou non partícipe
Beneficiario dun plan de pensións	Persoa física que realiza as achegas a un plan de pensións e en cuxo interese se crea o plan
Promotor dun plan de pensións	Forma de reducir o risco de investimento

S15. Verdadeiro ou Falso? Xustifique as respostas que sexan falsas.

	V / F
▪ Un plan de pensións permite aforrar e obter unha rendibilidade.	
▪ Nun orzamento contabilízanse todos os bens que ten unha persoa.	
▪ Algunhas das razóns para contratar un plan de pensións son a flexibilidade, a fiscalidade e a polivalencia.	
▪ Se queremos reducir o risco de investimento debemos facelo sempre no mesmo sector de actividade.	

S16. Faga un esquema no que aparezan as persoas que interveñen nun plan de pensións, definindo o concepto de plan de pensións.


S17. Complete os espazos en branco coas palabras que aparecen no cadro superior.

dependencia, endebedamento, rendibilidade, diversificar, aforros, xubilación, flexibles

- Para reducir o risco asumido e lograr o conxunto dos seus obxectivos, é recomendable _____.
- Un aforrador espera, pasado un tempo, recoller os seus _____ máis unha _____ ou xuros.
- O _____ supón un maior custo polo pagamento de xuros.
- Un plan de pensións é un plan de aforro que se constitúe mediante achegas _____, para os casos de _____, incapacidade, _____ e falecemento.

S18. Resolva o autodefinido seguinte.

HORIZONTAIS	VERTICAIS
2. Entradas de diñeiro	2. Gastos que se poden eliminar
4. Consumo presente grazas ao ingreso futuro	4. Parte dos nosos ingresos que non consumimos
9. Plan financeiro personalizado	8. Saídas de diñeiro
11. Persoa que se está atrasando no pagamento dunha débeda	
13. Persoa que constitúe un plan de pensións	



3. Resumo de contidos

Tipos de ingresos persoais

Os ingresos son a cantidade de diñeiro que percibe unha familia anualmente.

- **Rendas:** ingresos periódicos.
 - **Rendas do traballo e de actividades económicas:** ingresos obtidos por desenvolver un traballo por conta allea ou propia.
 - **Rendas do capital mobiliario:** ingresos xerados por contas bancarias, accións...
 - **Rendas do capital inmobiliario:** ingresos que proveñen de bens inmoables coma alugueiro de pisos, locais...
- **Ingresos puntuais:** derivados da venda de patrimonio, herdanzas...

Tipos de gastos persoais

Os gastos son a cantidade de diñeiro da que debe dispor unha familia para facer fronte ás súas necesidades.

- **Gastos fixos obrigatorios:** non se poden deixar de pagar ou variar o seu importe.
 - hipoteca
 - alugueiro da vivenda
 - préstamos bancarios
- **Gastos variables necesarios:** son os que se poden reducir, pero non eliminar.
 - comida
 - roupa
 - recibos
- **Gastos innecesarios:** son aqueles que se poden eliminar.
 - viaxes
 - cine
 - comidas fóra da casa
 - actividades de ocio

Que é un orzamento e como se elabora?

Un orzamento é un plan financeiro personalizado que nos axuda a controlar os gastos e sacarlles o máximo partido aos ingresos.

■ **Obxectivos financeiros**

- Xerais
- Concretos

■ **Regras básicas para elaborar un orzamento**

- Mesma temporalidade para ingresos e gastos
- Os gastos necesarios satisfeitos con ingresos ordinarios
- Se non se cobren os gastos necesarios, non realizar innecesarios
- Se se merca a prazos, ter en conta o pagamento de xuros
- Non gastar máis do que se ingresa, destinando unha parte ao aforro

■ **Estrutura dun orzamento**

- Ingresos
- Gastos

■ **Pasos que cómpre seguir na elaboración dun orzamento:**

– **Identificar gastos e ingresos**

- Ingresos: entradas de diñeiro (nómina, pensións, subvencións...)
- Gastos: saídas de diñeiro (vivenda, compra, vacacións, regalos...)

– **Priorizar gastos:** saber a que tipo de gasto nos enfrontamos

- Gastos fixos obrigatorios
- Gastos variables necesarios
- Gastos innecesarios

– **Formular e aforrar:** determinar o grao de prescindibilidade dos gastos. A meta de calquera orzamento é que os ingresos cubran os gastos. No caso de que os ingresos superen os gastos haberá aforro.

– **Avaliar e axustar:** é imprescindible revisar o noso orzamento cada pouco tempo para que se axuste á realidade. Existen unhas ferramentas matemáticas que nos axudan a mellorar o próximo orzamento:

- Variacións absolutas: cuantifican o diñeiro que aforramos ou gastamos
- Variacións porcentuais: miden os cambios entre o orzado e o real

- **Razóns para elaborar un orzamento**
 - Xestionar mellor o diñeiro
 - Ver como aumentan os aforros
 - Mellorar a calidade de vida
- **Consellos que cómpre seguir para chegar a fin de mes sen apuros**
 - Coñecer os gastos mensuais
 - Priorizar gastos e eliminar aqueles que non sexan necesarios
 - Diminuír os gastos variables
 - Eliminar débedas polas que se pagan xuros
 - Destinar todos os meses unha cantidade ao aforro

Necesidades económicas nas etapas de vida

Ao longo da nosa vida imos atravesando por diferentes etapas que van xernado novas necesidades económicas que temos que satisfacer cos recursos dos que dispoñemos.

- **A educación financeira dos fillos.** Os nenos deben adquirir desde pequenos uns hábitos financeiros, para aprender a tomar decisións económicas que van ser relevantes á hora de xestionar o seu diñeiro.
- **Empezando a traballar.** Ao traballar ábreanse novas perspectivas e xorden novas necesidades económicas e responsabilidades.
- **Mercando un coche.** Cando mercamos un coche, habemos de consideralo como un gasto moi importante para ter en conta á hora de elaborar o orzamento.
- **Mercando unha vivenda.** Esta é unha das decisións financeiras máis importantes que podemos tomar ao longo da nosa vida, xa que vai ser un gasto moi significativo no orzamento.
- **Empezando unha familia.** Ter un fillo é un reto en moitos aspectos, incluído o económico. É moi importante facer previsións sobre os novos gastos.
- **Planificando a xubilación.** A xubilación pode ser unha etapa longa da vida e hai que planificar as posibles necesidades económicas que imos ter e de que recursos dispoñemos para poder satisfacelas.
- **Se se atopa no paro.** A situación de desemprego pode ser traumática, tanto a nivel social coma económico. Durante este tempo hai necesidades económicas que cómpre satisfacer. A actitude é moi importante á hora de superar esta situación transitoria.

Aforro e endebedamento. Os plans de pensións

O aforro é a parte dos nosos ingresos que non consumimos. O aforro é o consumo futuro grazas ao ingreso presente.

O contrario do aforro é a débeda. A débeda é o consumo presente grazas ao ingreso futuro.

■ **Motivos para aforrar**

- Atender emerxencias ou imprevistos
- Facer plans futuros
- Non ter débedas
- Evitar malvender investimentos
- Anticiparse a situacións laborais indesexadas

■ **Canto hai que aforrar?** Todos podemos aforrar, pero non todos necesitamos aforrar o mesmo, xa que dependerá das circunstancias persoais e económicas seguintes:

- A estabilidade dos ingresos
- A riqueza patrimonial
- A saúde

■ **Aforrar ou endebedarse? Cal é preferible?**

– **Aforrar:**

- garantía de satisfacción de necesidades futuras
- maior poder adquisitivo mañá que hoxe
- sacrificio do consumo actual, sen satisfacer necesidades presentes

– **Endebedarse:**

- satisfacción de necesidades presentes que non se poderían satisfacer cos recursos actuais
- maior custo debido ao pagamento de xuros
- sacrificio do consumo futuro, sen satisfacer necesidades futuras
- con incerteza, risco de falta de pagamento

Os plans de pensións

O plan de pensións é un plan de aforro que se constitúe mediante achegas flexibles para os casos de xubilación, incapacidade, dependencia ou falecemento.

■ Razóns polas que contratar un plan de pensións

- Cando é o momento de contratar un plan de pensións?
- Cando podemos dispor do diñeiro que investimos?
- Achegas mensuais ou anuais?
- Como inflúe o plan de pensións na nosa declaración da renda?
- Optaremos por un plan de renda fixa ou renda variable?

■ Elementos persoais do plan de pensións

- **Promotor:** quen constitúe o plan
- **Partícipe:** quen realiza as achegas e en cuxo interese se crea o plan
- **Beneficiario:** quen ten dereito a percibir as prestacións

Risco e diversificación

■ Risco financeiro

É o risco asociado a calqueira tipo de financiamento

- Que debe facer unha persoa que conte con aforros?
 - Protexelos
 - Investir nalgún produto financeiro
- Diminución do risco financeiro
 - A través da diversificación

■ Diversificación

Diversificar significa investir en diferentes produtos financeiros (de renda fixa, de renda variable, de maior risco) e diversos sectores...

4. Actividades complementarias

Estas actividades axudarán ao alumnado a complementar e ampliar os contidos estudados.

S19. Complete o glosario de termos que aparece ao final da unidade, incluíndo todos aqueles que non aparezan reflectidos.

O traballo:

- Farase na aula en grupos de dúas persoas.
- Cada grupo ha de buscar dez termos coas súas definicións.
- Cada grupo exporá ao resto dos compañeiros os termos seleccionados para evitar que se repitan.

S20. Imaxine que ten que mercar este ano un coche por motivos de traballo. Non dispón do diñeiro para levar a cabo a operación, polo que ten que recorrer ao endebedamento. O importe que debe pedir prestado é de 25.000 €.

Despois de ir a distintas entidades financeiras, opta polas condicións que lle ofrece o Banco “A”

- Cando transcorra o prazo de pagamento do crédito, terá pagado máis ou o mesmo importe de diñeiro que solicitou? Por que?
- Procure información na páxina dunha entidade financeira e ache cal é a porcentaxe de xuros que tería que pagar pola operación.
- Que tipo de préstamo solicitaría?
- Existen outras opcións para mercar un coche de empresa. Unha é o *leasing*. Busque o significado desta fonte de financiamento e reflexione sobre as súas vantaxes e inconvenientes con respecto ao préstamo bancario.

S21. Escriba 10 pasos para elaborar de forma correcta un orzamento familiar.

1.
2.
3.
4.
5.
6.
7.
8.
9.
10.

5. Exercicios de autoavaliación

1. Cales das seguintes razóns fan que a xente aforre máis?

- ☐ Non saber que poderá pasar no futuro
- ☐ Gañar menos diñeiro ca antes
- ☐ Estar seguro do que ocorrerá
- ☐ Unha subida dos impostos sobre a renda

2. Das seguintes partidas, cales representan ingresos para unha familia?

- ☐ Unha factura
- ☐ Unha nómina
- ☐ Un recibo
- ☐ Un tique de compra

3. Un plan de pensións permite:

- ☐ Gastar máis diñeiro agora
- ☐ Pagar máis impostos
- ☐ Chegar a vello
- ☐ Aforrar e obter unha rendibilidade

4. Pasos para elaborar un orzamento:

- ☐ Priorizar gastos, identificar gastos e ingresos, formular e aforrar, avaliar e axustar
- ☐ Identificar gastos e ingresos, formular e aforrar, avaliar e axustar, priorizar gastos
- ☐ Identificar gastos e ingresos, priorizar gastos, formular e aforrar, avaliar e axustar
- ☐ Formular e aforrar, identificar gastos e ingresos, priorizar gastos, avaliar e axustar

5. O alugueiro da vivenda é un gasto:

- ☐ Innecesario
- ☐ Variable necesario
- ☐ Fixo obrigatorio
- ☐ As tres anteriores son verdadeiras

6. Gastos que se poden reducir pero non eliminar:

- ☐ Gastos variables necesarios
- ☐ Gastos fixos obrigatorios
- ☐ Gastos innecesarios
- ☐ As tres anteriores son falsas

7. O aforro é:

- ☐ O consumo presente grazas ao ingreso futuro
- ☐ O consumo futuro que realizaremos grazas ao ingreso presente
- ☐ O consumo presente grazas ao ingreso presente
- ☐ O consumo futuro que realizaremos grazas ao ingreso futuro

8. Persoa que constitúe un plan de pensións:

- ☐ Partícipe
- ☐ Promotor
- ☐ Compañía que o xestiona
- ☐ Beneficiario

9. Persoa física que realiza as achegas a un plan de pensións:

- ☐ Partícipe
- ☐ Promotor
- ☐ Compañía que o xestiona
- ☐ Beneficiario

10. As variacións absolutas:

- ☐ Son unha ferramenta matemática que mide os cambios entre o orzado e o real en termos de porcentaxe
- ☐ Son unha ferramenta matemática que axuda a mellorar o próximo orzamento e cuantifica o diñeiro que aforramos e gastamos de máis
- ☐ Son unha ferramenta matemática que permite determinar cales son as consecuencias dun orzamento con saldo negativo
- ☐ Son unha ferramenta matemática que permite revisar o orzamento cando sexa preciso, diminuindo sempre os gastos fixos obrigatorios

11. Os plans de pensións son unha boa ferramenta para:

- ☐ Pagar máis impostos
- ☐ Pagar menos impostos
- ☐ Mellorar o orzamento do próximo exercicio
- ☐ Revisar o orzamento cando sexa necesario

12. Os seguintes gastos (viaxes, cine e ocio) son:

- ☐ Gastos innecesarios
- ☐ Gastos fixos obrigatorios
- ☐ Gastos variables necesarios
- ☐ Todas son incorrectas

13. Cando é o momento de contratar un plan de pensións?

- ☐ Cando unha persoa se xubila
- ☐ Dez anos antes da xubilación
- ☐ Cando cada persoa tome a decisión de facelo, unha vez que ten fillos
- ☐ Cando cada persoa tome a decisión de facelo e as circunstancias laborais e persoais llo permitan.

14. Se unha persoa se endebeda:

- ☐ Sacrifica o consumo actual para facer fronte aos pagamentos dun crédito.
- ☐ Satisfai necesidades futuras que non podería satisfacer cos recursos dispoñibles.
- ☐ Satisfai necesidades presentes que non podería satisfacer cos recursos actuais.
- ☐ Gozará dun maior poder adquisitivo no futuro.

15. Que é un produto financeiro?

- ☐ É o produto interior bruto.
- ☐ É un ben destinado á venda de accións.
- ☐ É un instrumento financeiro polo cal se aporta un diñeiro a unha empresa co obxectivo de obter unha rendibilidade.
- ☐ Todas son incorrectas.

6. Solucionario

6.1 Solucións das actividades propostas

- S1. Conforme ao seu criterio, clasifique de maior a menor importancia a listaxe de motivos para aforrar. Xustifique a súa resposta.

RESPOSTA LIBRE

- S2. De acordo coas súas perspectivas laborais, así coma as súas circunstancias persoais e de saúde, canto cre que necesitará aforrar?

RESPOSTA LIBRE

- S3. Cal dos catro pasos para elaborar un orzamento lle parece máis importante? Xustifique a súa resposta.



RESPOSTA LIBRE

- S4. Cite tres contextos ou situacións ao longo da súa vida para os cales adoita ser necesario ter diñeiro e, en consecuencia, planificarse a través dun orzamento para aforrar.


RESPOSTA LIBRE

S5. Elabore un orzamento persoal para o mes de abril, tendo en conta os seguintes datos:

- Paga mensual (200 €).
 - Consumo móbil (25 €).
 - Libros (18 €).
 - Roupas (55 €).
 - Carburante moto (45 €).
 - Diversión e ocio (55 €).
- Sobra algo para aforrar?.
 - Identifique ingresos e gastos. Priorice os gastos.
 - Supoñendo que ten que gastar en libros 25 €, axuste o seu orzamento. A que gasto renunciaría para poder mercar os libros, mantendo o aforro?.
 - Calcule as variacións absolutas e porcentuais para aqueles gastos que variaron sobre o orzamentado e represente nun diagrama de pastel os gastos orzamentados e os reais.

INGRESOS		GASTOS	
<i>Rendas do traballo</i>	200 €	<i>Fixos obrigatorios</i>	0 €
▪ <i>Paga mensual</i>	200 €	<i>Variables necesarios</i>	143 €
		▪ <i>Roupa</i>	55 €
		▪ <i>Consumo móbil</i>	25 €
		▪ <i>Libros</i>	18 €
		▪ <i>Carburante moto</i>	45 €
		<i>Innecesarios</i>	55 €
		▪ <i>Diversión e ocio</i>	55 €
		<i>Aforro</i>	2 €
		▪ <i>Contas bancarias</i>	2 €
TOTAL INGRESOS	200 €	TOTAL GASTOS	200 €
▪ Sobran 2 € para destinar ao aforro. Diferenza entre os ingresos e os gastos: $200 - 198 = 2$ €. ▪ Se teño que gastar obrigatoriamente 25 € en libros en vez de 18 €, mantendo o mesmo aforro, teño que tomar a decisión de diminuír algún dos gastos variables necesarios ou innecesarios. (Resposta libre). ▪ Variación absoluta dos libros (variación da cantidade) = $25 € - 18 € = 7 €$ gastarei máis en libros. ▪ Variación relativa dos libros (en porcentaxe) = $18 - 25 / 25 * 100 = 28\%$.			
GASTOS ORZADOS		GASTOS REAIS	
			

- S6. Xiana ten 18 anos. Comezou este ano un Ciclo Superior e traballa as fins de semana coidando nenos, percibindo 250 € mensuais. Ten que custear os seus estudos, pagando mensualmente un bono de transporte por importe de 50 €. Ela aforra cada mes 30 €, para posibles imprevistos que lle poidan xurdir algún mes, como mercar material para a clase. Tamén gasta mensualmente 40 € no teléfono móbil e conexión a Internet. Gústalle moito o calzado, e todos os meses merca un par de zapatos. Este mes mercou unhas zapatillas de deporte por 45 €. A finais de mes é o aniversario da súa nai e mercoulle un bolso que lle custou 50 € e tivo outros gastos por importe de 35 €. Ela ten que reaxustar o seu orzamento, xa que subiu o bono de transporte a 65 € mensuais, ofrecéndolle máis servizos. Compare e analice os gráficos seguintes referentes aos gastos orzados e reais que tivo Xiana e xustifique a súa resposta.



- S7. Identifique os seguintes ingresos, clasificándoos:

▪ Salario mensual percibido por traballar como panadeiro nun forno industrial:	▪ <i>Rendas do traballo</i>
▪ Diñeiro aboado por un banco en concepto de xuros da conta de aforro:	▪ <i>Rendas do capital mobiliario</i>
▪ Diñeiro obtido pola venda dun piso en Ourense:	▪ <i>Rendas do capital inmobiliario</i>
▪ Cantidade de diñeiro obtida tras gañar a lotaría:	▪ <i>Ingresos puntuais</i>

S8. En relación co orzamento e os seus elementos, responda estas preguntas:

Que diferencia os gastos fixos obrigatorios dos variables necesarios?
<i>Os gastos fixos obrigatorios son aqueles que non se poden deixar de pagar nin variar o seu importe (alugueiro da casa). Os gastos variables necesarios son aqueles que se poden reducir, pero non eliminar (comida).</i>
Por que debemos priorizar o pagamento dos gastos fixos obrigatorios?
<i>Porque son aqueles que non se poden deixar de pagar.</i>
Por que no orzamento se priorizan os gastos de acordo co seu grao de prescindibilidade?
<i>Á hora de elaborar un orzamento, é fundamental priorizar o pagamento dos gastos imprescindibles, fixos obrigatorios, xa que non se poden deixar de pagar. De entre todos os gastos, a súa falta de pagamento carrea maiores consecuencias coma o incremento da débeda, embargo ou perda de posesións, xuízos ou demandas e empeoramento do historial crediticio.</i>
Por que certas débedas, como por exemplo as bancarias, aumentan cando non facemos o seu pagamento?
<i>Porque a falta de pagamento supón a aplicación de gastos adicionais de xuros de demora, de tal forma que a débeda cada vez é maior.</i>
Á hora de axustar o próximo orzamento, que tipo de ferramenta matemática é máis útil? Por que?
<i>As variacións porcentuais, que miden os cambios entre o orzado e o real en termos de porcentaxe.</i>

S9. Segundo o caso, calcule o prazo en meses que cómpre para lograr o obxectivo desexado ou o aforro necesario en función do prazo:

OBXECTIVO		PAZO EN MESES	AFORRO NECESARIO
Moto	1 200 €	48	25 €
Videoconsola	400 €	20	20 €
iPhone	600 €	12	50 €
Verán	200 €	5	40 €
Peto (aforro)	360 €	12	30 €

S10. Estes son os gastos orzados e os gastos reais en que incorreu Marta nos meses de xaneiro (gastos orzados) e febreiro (gastos reais):

	ORZADO	REAL	VARIACIÓNS ABSOLUTAS	VARIACIÓNS PORCENTUAIS
Consumo móbil	30 €	40 €	$40 - 30 = 10 \text{ €}$	$40 - 30 / 30 \cdot 100 = 33 \%$
Quedada con amigos	50 €	30 €	$30 - 50 = -20 \text{ €}$	$30 - 50 / 50 \cdot 100 = -40 \%$
<i>O gasto real de consumo do móbil aumentou un 20 % sobre o que estaba orzado. O gasto real en quedada con amigos, pola contra, diminuíu un 40 % con respecto ao orzado.</i>				

- S11. Se se atopa nalgunha das situacións anteriores, explique a importancia do aforro.

O aforro é a diferenza entre o diñeiro dispoñible para gastar e o gasto efectuado, ou dito doutra maneira, é a parte dos ingresos que non se destinan ao consumo.

Gardar unha parte dos nosos ingresos é de vital importancia para o medio e longo prazo, outorgando unha seguridade para poder facer fronte a imprevistos que van xurdindo ao longo da vida, coma situación de desemprego, formación dos fillos, compra dun coche,

- S12. Complete os ocos coas palabras que aparecen no caixón pertencentes ás necesidades económicas ao longo da vida, tendo en conta que algunha delas sobra.

desemprego, responsabilidades, préstamo hipotecario, necesidades, seguro, financeira, pensión, préstamo persoal, seguro do fogar

- Co primeiro traballo, ábreanse novas perspectivas de independencia *financeira*, pero tamén xorden novas necesidades e *responsabilidades*.
- Cando está na situación de *desemprego*, ten dereito a percibir unha prestación.
- Cando unha persoa se xubila, ten dereito a percibir unha retribución en forma de *pensión*, sempre e cando teña dereito a ela.
- Se tomamos a decisión de mercar unha vivenda, a opción máis empregada é o *préstamo hipotecario*.
- A propiedade dun vehículo con motor implica outras responsabilidades que fan necesaria a contratación dun *seguro*, o que supón outro gasto para considerar.

- S13. Antonio contratou un plan de pensións privado co Banco Mediterráneo para que se beneficie a súa esposa Clara no caso de que el faleza. Identifique o promotor, o partícipe e o beneficiario.

PROMOTOR	PARTÍCIPE	BENEFICIARIO
Antonio	Antonio	Clara


- S14. Una os conceptos da columna da esquerda coas definicións da columna da dereita.

▪ Débeda	▪ Persoa que constitúe o plan de pensións
▪ Diversificación	▪ Consumo presente grazas ao ingreso futuro
▪ Partícipe dun plan de pensións	▪ Persoa física con dereito a percibir as prestacións fose ou non partícipe
▪ Beneficiario dun plan de pensións	▪ Persoa física que realiza as achegas a un plan de pensións e en cuxo interese se crea o plan
▪ Promotor dun plan de pensións	▪ Forma de reducir o risco de investimento

S15. Verdadeiro ou Falso? Xustifique as respostas que sexan falsas.

	V / F
▪ Un plan de pensións permite aforrar e obter unha rendibilidade	V
▪ Nun orzamento contabilízanse todos os bens que ten unha persoa	F. Nun orzamento contabilízanse os ingresos e os gastos
▪ Algunhas das razóns para contratar un plan de pensións son a flexibilidade, a fiscalidade e a polivalencia	V
▪ Se queremos reducir o risco de investimento, debemos facelo sempre no mesmo sector de actividade	F. Debemos facelo en diferentes sectores.

S16. Faga un esquema no que aparezan as persoas que interveñen nun plan de pensións, definindo o concepto de plan de pensións.



S17. Complete os espazos en branco coas palabras que aparecen no cadro superior.

<i>dependencia, endebedamento, rendibilidade, diversificar, aforros, xubilación, flexibles</i>
▪ Para reducir o risco asumido e lograr o conxunto dos seus obxectivos, é recomendable diversificar. ▪ Un aforrador espera, pasado un tempo, recoller os seus aforros máis unha rendibilidade ou xuros. ▪ O endebedamento supón un maior custo polo pagamento de xuros. ▪ Un plan de pensións é un plan de aforro que se constitúe mediante achegas flexibles, para os casos de xubilación, incapacidade, dependencia e falecemento.

S18. Resolva o seguinte autodefinido.

HORIZONTAIS:	VERTICAIS:
2. Entradas de diñeiro. 4. Consumo presente grazas ao ingreso futuro. 9. Plan financeiro personalizado. 11. Persoa que se está retrasando no pagamento dunha débeda. 13. Persoa que constitúe un plan de pensións.	2. Gastos que se poden eliminar. 4. Parte dos nosos ingresos que non consumimos. 8. Saídas de diñeiro.

	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
1		I								
2	I	N	G	R	E	S	O	S		
3		N								
4	D	E	B	E	D	A				
5		C								
6		E						G		
7		S						A		
8		A						S		
9	O	R	Z	A	M	E	N	T	O	
10		I		F				O		
11	M	O	R	O	S	O		S		
12		S		R						
13			P	R	O	M	O	T	O	R
14				O						

6.2 Solucións das actividades complementarias

S19. Complete o glosario de termos que aparece ao final da unidade, incluíndo todos aqueles que non aparezan reflectidos.

O traballo:

- Farase na aula en grupos de dúas persoas.
- Cada grupo ha de buscar 10 termos coas súas definicións.
- Cada grupo exporá ao resto dos compañeiros os termos seleccionados para evitar que se repitan.

RESPOSTA LIBRE.

PROPOSTA DE RESPOSTA.

- **Alugueiro:** Contrato polo cal o propietario dun ben cede o uso e goce a outra persoa a cambio dun pagamento mensual por un período determinado.
- **Conta bancaria:** depósito de diñeiro que serve coma "soporte operativo" para centralizar operacións bancarias habituais.
- **Imprevistos:** situación non considerada previamente, non planeada..
- **Ocio:** tempo libre que se dedica a actividades que non son tarefas domésticas esenciais e que, poden ser consideradas coma recreativas.
- **Porcentaxe:** Forma de comparar cantidades baixo o símbolo da %.
- **Préstamo:** operación financeira na que unha entidade financeira realiza un préstamo de diñeiro a outra persoa que se compromete a devolvelo nun prazo determinado e cos xuros pactados.
- **Renda inmobiliaria:** rendementos que derivan do alugamento dun inmobile.
- **Renda mobiliaria:** rendementos procedentes dos xuros das contas bancarias, bonos, obrigas e, en xeral, títulos de renda.
- **Renda traballo:** cantidade de diñeiro que percibe unha persoa pola prestación de servizos a unha empresa por conta allea.
- **Rendibilidade:** relación existente entre os beneficios que proporciona unha determinada operación e o investimento.

S20. Imaxine que ten que mercar este ano un coche por motivos de traballo. Non dispón do cartos para levar a cabo a operación, polo que ten que recorrer ao endebedamento. O importe que ten que pedir prestado é de 25.000 €.

Despois de ir a distintas entidades financeiras, opta polas condicións que lle ofrece o Banco "A"

- Cando transcorra o prazo de pagamento do crédito, terá pagado máis ou o mesmo importe de diñeiro que solicitou? Por que?
- Procure información na páxina dunha entidade financeira e ache cal é a porcentaxe de xuros que tería que pagar pola operación.

- Que tipo de préstamo solicitaría?
- Existen outras opcións para mercar un coche de empresa. Unha é o *leasing*. Busque o significado desta fonte de financiamento e reflexione sobre as súas vantaxes e inconvenientes con respecto ao préstamo bancario.

- Cando transcorra o prazo de pagamento, terá pagado máis importe do que solicitou debido ao pagamento dos xuros.
 - <https://www.credimarket.com/>
 - Solicitaría un préstamo persoal.
 - **Leasing.** O leasing é un aluguer financeiro que consiste na compra dunha mercancía a petición do cliente. Neste contrato, o alugador traspasa o dereito de utilizar o ben a cambio dunha renda mensual de aluguer durante un prazo determinado.
 - **Vantaxes:**
 - Pódese financiar o 100% do investimento.
 - Posibilidade final de non quedar co ben.
 - Vantaxes fiscais.
 - Flexibilidade e rapidez.
 - **Desvantaxes:**
 - Mayor coste financeiro.
 - Só se pode acceder á propiedade do ben unha vez rematado o contrato.
 - Non inclúe servizos adicionais.
- O leasing é moi boa opción para a renovación de equipos, máquinas ou vehículos de empresa mediante unha cota mensual. Esta forma de financiamento alleo supón máis vantaxes ca inconvenientes.

S21. Escriba 10 pasos para elaborar de forma correcta un orzamento familiar.

1. Recompila todos os estados da conta e facturas.
2. Tome lapis e papel.
3. Anote os gastos variables.
4. Anote os gastos fixos.
5. Detalle os seus ingresos.
6. Calcule a magnitude do seu déficit.
7. Defina os gastos prioritarios.
8. Fixe unha meta de aforro.
9. Evite endebedarse coas entidades financeiras.
10. Avalíe o resultado e repita a operación o próximo mes.

6.3 Solucións dos exercicios de autoavaliación

1. Cales das seguintes razóns fan que a xente aforre máis?

- ☒ Non saber que poderá pasar no futuro.
- ☐ Gañar menos diñeiro ca antes.
- ☐ Estar seguro do que ocorrerá.
- ☐ Unha subida dos impostos sobre a renda.

2. Das seguintes partidas, cales representan ingresos para unha familia?

- ☐ Unha factura.
- ☒ Unha nómina.
- ☐ Un recibo.
- ☐ Un tique de compra.

3. Un plan de pensións permite:

- ☐ Gastar máis diñeiro agora.
- ☐ Pagar máis impostos.
- ☐ Chegar a vello.
- ☒ Aforrar e obter unha rendibilidade.

4. Pasos para elaborar un orzamento:

- ☐ Priorizar gastos, identificar gastos e ingresos, formular e aforrar, avaliar e axustar.
- ☐ Identificar gastos e ingresos, formular e aforrar, avaliar e axustar, priorizar gastos.
- ☒ Identificar gastos e ingresos, priorizar gastos, formular e aforrar, avaliar e axustar
- ☐ Formular e aforrar, identificar gastos e ingresos, priorizar gastos e axustar.

5. O alugueiro da vivenda é un gasto...

- ☐ Innecesario.
- ☐ Variable necesario.
- ☒ Fixo obrigatorio.
- ☐ As tres anteriores son verdadeiras.

6. Gastos que se poden reducir pero non eliminar:

- ☒ Gastos variables necesarios.
- ☐ Gastos fixos obrigatorios.
- ☐ Gastos innecesarios.
- ☐ As tres anteriores son falsas.

7. O aforro é:

- ☐ O consumo presente grazas ao ingreso futuro.
- ☒ O consumo futuro que realizaremos grazas ao ingreso presente.
- ☐ O consumo presente grazas ao ingreso presente.
- ☐ O consumo futuro que realizaremos grazas ao ingreso futuro,

8. Persoa que constitúe un plan de pensións:

- ☐ Partícipe.
- ☒ Promotor.
- ☐ Compañía que o xestiona.
- ☐ Beneficiario.

9. Persoa física que realiza as achegas a un plan de pensións:

- ☒ Partícipe.
- ☐ Promotor.
- ☐ Compañía que o xestiona.
- ☐ Beneficiario.

10. As variacións absolutas:

- ☐ Son unha ferramenta matemática que mide os cambios entre o orzado e o real en termos de porcentaxe.
- ☒ Son unha ferramenta matemática que axuda a mellorar o próximo orzamento e cuantifica o diñeiro que aforramos e gastamos de máis.
- ☐ Son unha ferramenta matemática que permite determinar cales son as consecuencias dun orzamento con saldo negativo.
- ☐ Son unha ferramenta matemática que permite revisar o orzamento cando sexa preciso, diminuindo sempre os gastos fixos obrigatorios.

11. Os plans de pensións son unha boa ferramenta para:

- ☐ Pagar máis impostos.
- ☒ Pagar menos impostos.
- ☐ Mellorar o orzamento do próximo exercicio.
- ☐ Revisar o orzamento cando sexa necesario.

12. Os seguintes gastos (viaxes, cine e ocio) son:

- ☒ Gastos innecesarios.
- ☐ Gastos fixos obrigatorios.
- ☐ Gastos variables necesarios.
- ☐ Todas son incorrectas.

13. Cando é o momento de contratar un plan de pensións?

- ☐ Cando unha persoa se xubila.
- ☐ Dez anos antes da xubilación.
- ☐ Cando cada persoa tome a decisión de facelo, unha vez que ten fillos.
- ☒ Cando cada persoa tome a decisión de facelo e cando as circunstancias laborais e persoais llo permitan.

14. Se unha persoa se endebeda:

- ☐ Sacrifica o consumo actual para facer fronte aos pagamentos dun crédito.
- ☐ Satisfai necesidades futuras que non podería satisfacer cos recursos dispoñibles.
- ☒ Satisfai necesidades presentes que non podería satisfacer cos recursos actuais.
- ☐ Gozará dun maior poder adquisitivo no futuro.

15. Que é un produto financeiro?

- ☐ É o produto interior bruto.
- ☐ É un ben destinado á venda de accións.
- ☒ É un instrumento financeiro polo cal se aporta un diñeiro a unha empresa co obxectivo de obter unha rendibilidade.
- ☐ Todas son incorrectas.

7. Glosario

A continuación aparece unha relación de termos para facilitar a comprensión e o estudo dos contidos.

A	▪ Acredor	Persoa que ten dereito a reclamar o cumprimento dunha obriga.
	▪ Activos financeiros	Produtos coma bonos, pagarés, letras, accións, ... que o emisor utiliza para financiarse
	▪ Aforro	Exceso da renda das persoas sobre os seus gastos que se garda en previsión de necesidades futuras.
C	▪ Carteira de valores	Combinación de activos financeiros.
	▪ Consumismo	Consumo innecesario ou esaxerado, que inclúe o uso de bens e servizos que non son imprescindibles.
	▪ Contribuínte	Persoa que paga impostos ao Estado.
D	▪ Débeda	Obriga do pagamento dunha cantidade de diñeiro.
	▪ Declaración da renda	Declaración anual que temos que facer todos os contribuíntes pola obtención de ingresos
	▪ Dependencia	Situación na que se atopa unha persoa por perda de autonomía mental ou física, necesitando a asistencia continuada doutra persoa para desenvolver actividades básicas da vida.
	▪ Diversificación	Forma de distribuír o risco mediante a formación dunha carteira de investimento formada por activos de características diferentes.
E	▪ Embargo	Intervención xudicial de bens co fin de cumprir co pagamento dunha débeda.
F	▪ Fluxos de renda	Entradas e saídas de diñeiro.
	▪ Fondo de investimento	Instrumento de aforro. Consiste na aportación de diñeiro por parte de varias persoas para que unha entidade se encargue da súa xestión e administración.
G	▪ Gastos	Utilización do diñeiro en bens ou servizos.
I	▪ Ingresos	Entrada de diñeiro.
M	▪ Moroso	Persoa que se está retrasando no pagamento dunha débeda.
O	▪ Orzamento	Documento no que se asentan as previsións de ingresos e gastos da vida cotiá en xeral ou para un proxecto concreto (unha viaxe, mobiliario para unha casa...)
P	▪ Patrimonio	Conxunto de bens, dereitos (de cobro) e obrigas (de pagamento) pertencentes a unha persoa
	▪ Plan de pensións	Instrumento de aforro orientado á xubilación mediante a aportación de cotas flexibles
R	▪ Renda fixa	Investimentos nos que se coñece de antemán cales serán os fluxos de renda que xeran. Por exemplo, as obrigas, os pagarés, os bonos, as contas de aforro...
	▪ Renda variable	Investimentos onde non se coñece de antemán cales serán os fluxos de renda que van a xerar, xa que dependen de diferentes factores, coma a evolución da economía, o comportamento do mercado, ... Por exemplo, as accións.
	▪ Risco	Probabilidade de que os fondos investidos non poidan ser recuperados.
X	▪ Xuros de demora	Son os que se aplican con motivo dun retraso no cumprimento dun pagamento ou obriga.

8. Bibliografía e recursos

Bibliografía

- Economía 4º ESO. Mc Graw Hill Education. Anxo Penalonga Sweers
- Finanzas para todos

Ligazóns de Internet

Ligazóns de Internet utilizadas para elaborar a unidade xunto cos materiais que aparecen expostos na bibliografía

- <http://www.finanzasparatodos.es/es/economiavida>
- <http://www.jubilacionypension.com>

Outros recursos

Neste apartado facilítanse recursos que lle serven ao alumnado como axuda para o estudo dos contidos e resolver as actividades, tanto as propostas coma as complementarias.

- <http://definicion.de/>
- Que rendibilidade debe pedirlle ao seu plan de pensións?
<https://youtu.be/L4wUMpvTts8>
- Comparación de tipos de xuros <https://www.credimarket.com/>

9. Anexo. Licenza de recursos

Licenzas de recursos utilizadas nesta unidade didáctica

RECURSO (1)	DATOS DO RECURSO (1)	RECURSO (2)	DATOS DO RECURSO (2)
 RECURSO 1	- Autoría: AlexanderStein - Licenza: Creative Commons Procedencia: www.pixabay.com	 RECURSO 2	- Autoría: Clker-Free-Vector-Images - Licenza: Creative Commons Procedencia: www.pixabay.com
 RECURSO 3	- Autoría: OpenClipart-Vectors - Licenza: Creative Commons Procedencia: www.pixabay.com	 RECURSO 4	- Autoría: coffeebeanworks - Licenza: Creative Commons Procedencia: www.pixabay.com
 RECURSO 5	- Autoría: Clker-Free-Vector-Images - Licenza: Creative Commons Procedencia: www.pixabay.com	 RECURSO 6	- Autoría: geralt - Licenza: Creative Commons Procedencia: www.pixabay.com
 RECURSO 7	- Autoría: Mediamodifier - Licenza: Creative Commons Procedencia: www.pixabay.com	 RECURSO 8	- Autoría: Clker-Free-Vector-Images - Licenza: Creative Commons Procedencia: www.pixabay.com
 RECURSO 9	- Autoría: Dsndrn-Video - Licenza: Creative Commons Procedencia: www.pixabay.com	 RECURSO 10	- Autoría: geralt - Licenza: Creative Commons Procedencia: www.pixabay.com
 RECURSO 11	- Autoría: Clker-Free-Vector-Images - Licenza: Creative Commons Procedencia: www.pixabay.com	 RECURSO 12	- Autoría: Jhonatan_Perez - Licenza: Creative Commons Procedencia: www.pixabay.com
 RECURSO 13	- Autoría: Joshua_Wilson - Licenza: Creative Commons Procedencia: www.pixabay.com	 RECURSO 14	- Autoría: OpenClipart-Vectors - Licenza: Creative Commons Procedencia: www.pixabay.com
 RECURSO 15	- Autoría: Alexas_Fotos - Licenza: Creative Commons Procedencia: www.pixabay.com	 RECURSO 16	- Autoría: andrea160578 - Licenza: Creative Commons Procedencia: www.pixabay.com

RECURSO (1)	DATOS DO RECURSO (1)	RECURSO (2)	DATOS DO RECURSO (2)
 RECURSO 17	- Autoría: Clker-Free-Vector-Images - Licenza: Creative Commons Procedencia: www.pixabay.com	 RECURSO 18	- Autoría: ractapopulous - Licenza: Creative Commons Procedencia: www.pixabay.com
 RECURSO 19	- Autoría: 3979284 - Licenza: Creative Commons Procedencia: www.pixabay.com	 RECURSO 20	- Autoría: annca - Licenza: Creative Commons Procedencia: www.pixabay.com
 RECURSO 21	- Autoría: annca - Licenza: Creative Commons Procedencia: www.pixabay.com	 RECURSO 22	- Autoría: Nikiko - Licenza: Creative Commons Procedencia: www.pixabay.com
 RECURSO 23	- Autoría: gustavmelin0 - Licenza: Creative Commons Procedencia: www.pixabay.com	 RECURSO 24	- Autoría: tpluffo - Licenza: Creative Commons Procedencia: www.pixabay.com
 RECURSO 25	- Autoría: OpenClipart-Vectors - Licenza: Creative Commons Procedencia: www.pixabay.com		